



## Que é o programa?

**XANTAR NA CASA** é un programa social de atención nutricional e está dirixido aos colectivos de persoas maiores e de persoas en situación de dependencia.

Ten como finalidade e obxectivo fundamental o de prestar apoio no domicilio a quen o precise e así o demande, mediante prestacións alimentarias e de seguimento persoal para mellorar a calidade de vida e a autonomía dos seus usuarios e usuarias.



## A quen vai dirixido?

Persoas maiores de 60 anos que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal e que non conten cunha rede de apoio que poida suplir tal situación.

- Persoas dependentes que carezan de apoio familiar e que requiran de axuda para a preparación de alimentos.
- Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos servizos sociais do concello respectivo.

## Obxectivos do programa

O **obxectivo principal** deste programa é intervir de xeito directo na alimentación das persoas maiores e mellorar os hábitos do contorno alimenticio dos usuarios e usuarias; en definitiva, o obxectivo é atender de xeito global a súa saúde e a súa calidade de vida.

## Como funciona?

**XANTAR NA CASA** é un servizo que consiste na **subministración de comidas no propio domicilio** das persoas usuarias. Estas constan dun **primeiro prato, dun segundo prato, sobremesa e pan**, nunha única entrega semanal.

Entréganse bandexas distintas para cada día da semana, veñen preparadas para a súa rexeneración no microondas.

As dietas son personalizadas, segundo o informe médico.

O **transporte** dos menús ata o domicilio dos usuarios e usuarias realizarase **en vehículos isoterms** que manteñen a temperatura imprescindible para a súa correcta conservación. **Os usuarios deben de dispoñer de microondas, frigorífico e enxoval** necesarios para a preparación e a inxestión dos xantares. No suposto de que as persoas usuarias non dispoñan de microondas e/ou de frigorífico que se adapte ás necesidades do servizo, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar conta con electrodomésticos para poñer à disposición dos usuarios, en réxime de depósito, mentres dure a súa prestación.



## Onde se solicita?

Para máis información e para solicitar o programa dirixase os **servizos sociais do Concello de Melide**, Centro Social de Melide, Rúa Principal, 44

 **981 50 57 06**



**CONSORCIO GALEGO**  
de Servizos de Igualdade e Benestar



**CONSORCIO GALEGO**  
de Servizos de Igualdade e Benestar